XUNTA DE GALICIA

# GUÍA DE TRAMITACIÓN:

## PRÉSTAMOS AVALADOS PARA APOIAR A PEMES E AUTÓNOMOS NO CONTEXTO DO ACTUAL COVID-19

1. Acceder a www.tramita.igape.es e **rexistrarse como usuario** indicando un nome de usuario e contrasinal que deberá lembrar.




2. Unha vez rexistrado, **acceder á Oficina Virtual**



**3.** Se é a primeira vez que accede, debe **dar de alta ao solicitante**, para iso na opción **Crear nova empresa:**







Deberá cubrir os seguintes datos:

- En forma xurídica, por exemplo:
  - se é un autónomo escoller – EMPRESARIO INDIVIDUAL (AUTÓNOMO)
  - se é unha S.L – SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA

- No nome/razón social: se é unha sociedade: **EMPRESA SOLICITANTE, S.L**. (o nome da empresa seguido dunha coma, e as siglas S.L. ou S.A. segundo corresponda).

- CIF coa letra sen espazos (exemplo: B1500000).

**4.** Unha vez creado o solicitante, debe ir a **Programas Igape** para escoller a axuda que quere solicitar. Neste caso, debe **<u>seleccionar o código IG257.2020</u>** para solicitar o préstamo.






**5.** Confirmar que o solicitante é o que consta como empresa actual e que os datos son correctos:






6. **Ábrese o cuestionario** que hai que cumplimentar.

Info. Empresa (5)
- Datos Part.
- Actividade
- Definición Peme
- Compromisos
- Emprego Actual

Proxecto (5)
Financiación (2)
Anexos (5)

Gardar | Imprimir | Volver | Anterior | 1 de 14 | Seguinte

Titular: EMPRESA X, S.R.L. — Cuestionario (IG257) :162615 (Cuestionario)

1. DATOS SOLICITANTE:

| | | | |
|---|---|---|---|
| Forma Xurídica: | SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA | | |
| NIF: | H01657949 | Nome ou R. Social: | EMPRESA X, S.R.L. |
| País: | 999 ESPAÑA | Provincia: | 15 A CORUÑA |
| Concello: | 15007 A BAÑA | C. P.: | 15 103 |
| Parroquia: | 150070100 A Baña (San Vicenzo) | Lugar: | - |
| Enderezo social: | Rua - | Nº: | 1 |
| Resto Enderezo: | - | | |
| Rex. industrial: | - | Data de constitución (dd/mm/aaaa): | 01/01/2012 |
| Teléfonos: | Fixo: 900815151 Móbil: 900815151 | Fax: | |
| Email: | informa@igape.es | Páxina Web: | - |
| Escritura Nº: | 11 | Data escritura: | 15/01/2013 |
| Outorgada polo notario: | 11 | Nº de protocolo:: | 11 |
| Rexistro mercantil: | - | Obxecto social: | - |
| Inscrición Rexistral: | Folla- Tomo- Folio- | Nº Inscrición: | - |

- Na opción **"COMPLETAR O FORMULARIO DE SOLICITUDE"** pode acceder en calquera momento para seguir engadindo datos mentres no se peche o cuestionario.
- Na ficha 5 debe **indicar cal dos seguintes préstamos quere solicitar**:

5. DEFINICIÓN DO PROXECTO

| | |
|---|---|
| Modalidade | ☐ Préstamos avalados para o crecemento das pemes (Reaval Crecemento) |
| | ☐ Operacións avaladas para o financiamento de tráfico comercial (Reaval Funcionamento) |
| | ☐ Garantías ante terceiros vinculadas a operacións de tráfico ou avais técnicos (Reaval Garantías) |
| | ☐ Préstamos avalados para apoiar a pemes e autónomos no contexto do actual brote de COVID-19 |

7. Unha vez completo deberá **ACEPTAR OS DATOS**, isto implica o peche do cuestionario.




8. Unha vez aceptados os datos, ***deberá presentarse obligatoriamente por vía electrónica con certificado dixital*** na opción "Presentar telemáticamente". Para iso ten que ter instalado o certificado dixital do representante legal da empresa ou da entidade solicitante no equipo. No caso de autónomos, o certificado dixital do autónomo.




Para comprobar que a solicitude foi correctamente presentada, **ten que ter asignado un número de expediente.**




**IMPORTANTE:**

Se a solicitude consta como **"IDE xerado pendente de rexistro**" – NON está presentada telemáticamente.

Xunto co formulario de solicitude, presentarase a seguinte documentación (deberá previamente dixitalizar os documentos orixinais obtendo arquivos en formato PDF **- máx. 4 MB**):

a) En caso de persoas xurídicas:

1º Escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritas no rexistro competente e as súas modificacións posteriores.

2º Poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, no seu caso, no rexistro competente.

3º No caso de entidades obrigadas a formular, aprobar e depositar contas anuais: contas anuais depositadas no Rexistro Mercantil- ou noutro rexistro, segundo proceda- correspondentes ao último exercicio pechado, xunto co informe de auditoría de ser o caso.

b) No caso de persoas físicas ou comunidades de bens: copias das declaracións de IVE: resumo anual do exercicio anterior e liquidacións periódicas do exercicio corrente. Así mesmo as comunidades de bens deberán presentar o Anexo III de comprobación de datos de terceiras persoas interesadas.

O Igape remitirá á **entidade de crédito e á SGR**, a través da extranet de entidades colaboradoras, a súa solicitude.

## MÁIS INFORMACIÓN

**informa@igape.es**

**900 815 151**